



PROTOCOLOS REACTIVACIÓN ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA ver. 8 – 200422

COMITÉ ESTRATEXÍAS FRONTE AO Covid/19

Federación Galega de JUDO e Deportes Asociados



... NON nos paramos.









**HIXIENE e SAÚDE
STAFF e DEPORTISTAS**



**FORMACIÓN
INSTALACIÓNS**







galicia

COMITÉ ESTRATEXIAS Covid-19



COMITÉ ESTRATEXÍAS FRONTE AO Covid-19

PRESIDENTE	MARIO M. MUZAS COBO	PRESIDENTE FGJUDO
-------------------	----------------------------	-------------------

DIRECTOR COMITÉ	EDUARDO GALÁN PALLA	VICEPRESIDENTE 1º FGJUDO
------------------------	----------------------------	--------------------------

COORDINADOR Protocolo Federativo	JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ GENDE	ASESOR EXECUTIVO FGJUDO Responsable Secretaría Deportiva
---	----------------------------------	---

COMISIÓN	COORDINADOR-A	TÉCNICAS-OS
-----------------	----------------------	--------------------

STAFF – DEPORTISTAS (Actividades Deportivas)	CARLOS MONTERO CARRETERO Doutor CC Actividade Física e Deporte	MARCIAL ROMERO AZPITARTE Técnico Deportivo Superior Judo JOSÉ R. LÓPEZ GACIO Técnico Deportivo Superior Judo
---	--	---

FORMACIÓN	JOSÉ M. GARCÍA GARCIA Doutor CC Actividade Física e Deporte Decano Facultade Cast/Mancha	JUAN J. RODRÍGUEZ GENDE Ldo. CC Actividade Física e Deporte CANDELA FERNÁNDEZ SÁNCHEZ Lda. CC Actividade Física e Deporte
------------------	---	--

INSTALACIONES (Promoción)	ÓSCAR PEÑAS GARCÍA Ldo. CC Actividade Física e Deporte	MONICA PACHECO LOMBA Técnico Deportivo Superior Judo VÍCTOR GÓMEZ FERNÁNDEZ Técnico Deportivo Superior Judo JONATHAN IMEDIO RODRÍGUEZ Ldo. CC Actividade Física e Deporte
--------------------------------------	--	---

HIXIENE – SAÚDE (Seguridade)	SANDRA GARCÍA LÁZARO Fisioterapeuta/Profesora Universidad Valladolid	ROBERTO NAVEIRA FILGUEIRAS Licenciado en CC da Educación ALBERTO CASTRO PENA Técnico Deportivo Superior Judo
---	--	---



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	Páx. 4
2. SÍNTOMAS E FORMAS DE CONTAXIO	Páx. 4
3. MEDIDAS XERAIS RECOMENDADAS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO (COVID-19)	Páx. 4 - 6
A – MEDIDAS RECOMENDADAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL	Páx. 5
B – MEDIDAS RECOMENDADAS DE VENTILACIÓN DAS INSTALACIÓNS.....	Páx. 5
C – MEDIDAS RECOMENDADAS PARA OS AXENTES QUE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA	Páx. 5
D – OUTRAS MEDIDAS RECOMENDADAS.....	Páx. 6
4. MEDIDAS DERIVADAS DA APLICACIÓN DO R.D. 286/2022, DO 19 DE ABRIL.....	Páx. 6 - 7
5. IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN	Páx. 7 - 10
6. COMUNICACIÓN CONXUNTA DA SXD E A CONSELLERÍA DE SANIDADE SOBRE A XESTIÓN DE CONTACTOS ESTREITOS COVID19 NO ÁMBITO DEPORTIVO (10/03/22).....	Páx. 11
7. COORDINADOR FISICOVID-DXT GALEGO DOS CLUBS	Páx. 11



1.- **INTRODUCCIÓN**

A FGJUDO sensibilizada e preocupada desde o principio e en previsión das consecuencias que esta situación podía xerar, puxo en marcha un Comité de Estratexias fronte ao Covid-19 para paliar na medida do posible o importante impacto negativo para as nosas actividades, clubs e deportistas, para arroupalos durante este período de confinamento e axudarlles a retomar de forma gradual a volta á normalidade.

As directrices das autoridades en materia de reanudación da actividade deportiva, baseadas nas recomendacións do *Consello Superior de Deportes*, e no traballo desenvolto no marco dunha innovadora metodoloxía de traballo da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia non concretan o prazo para retomar a total normalidade das actividades deportivas como o judo e os seus deportes asociados. Con todo, para cada unha das estruturas afiliadas a FGJUDODA, establécese para os profesionais e a quen os acompañan un protocolo de actuación nas mellores condicións de seguridade sanitaria, no marco que na data de publicación deste documento as autoridades sanitarias autorizan.

2.- **SÍNTOMAS E FORMAS DE CONTAXIO**

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansancio. Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser a dor de garganta, a perda do gusto ou olfato e as dores musculares, entre outros.

Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus. A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas da nariz ou a boca dunha persoa infectada ao toser, estornudar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por eso é importante manterse cando menos a 1,5 metros de distancia dos demais ou uso de máscara se non se pode garantir esa distancia interpersoal de seguridade.

Cabe salientar tamén, que estas gotículas infectadas polo coronavirus poden manterse estables durante varias horas en pequenas partículas flotantes, coñecidas como aerosoles. Daí a importancia de levar a cabo unha correcta e continua ventilación dos espazos pechados. Por outra banda, é importante sinalar que estas partículas poden caer sobre os obxectos e superficies, como mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. de modo que outras persoas poden infectarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo tócanse os ollos, o nariz ou a boca. Por elo é importante lavarse as mans frecuentemente con auga e xabón ou con un desinfectante a base de alcól, evitar tocarse os ollos, a boca ou o nariz.

3.- **MEDIDAS XERAIS RECOMENDADAS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19**

Todos os axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exixible aos titulares de calquera actividade deportiva.

A. **MEDIDAS RECOMENDADAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL**

- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con acción virucida dos que se atopan no

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) – 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

mercado e debidamente autorizados e rexistrados. No uso dese produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se deben mesturar produtos diferentes.

- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa do Staff, estableceranse os mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixienización destes postos.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo.
- Disporase de papeleiras pechadas e con acción non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable que se deberán limpar de forma frecuente, polo menos unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie tamén cando menos unha vez ao día.

B. MEDIDAS RECOMENDADAS DE VENTILACIÓN DAS INSTALACIÓNS

- Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma continuada durante esta e obrigatoriamente ao remate de cada clase/sesión ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.
- Antes do inicio das actividades e do uso de vestiarios, baños, salas, etc.. asegurarse de que estean ben ventiladas e se fixeran as accións sinaladas no párrafo anterior.
- Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

C. MEDIDAS RECOMENDADAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Staff, deportistas, acompañantes, público, etc.)

• XERÁIS:

- Recoméndase manter a distancia de seguridade interpersoal e utilizar máscara, aínda que na data de publicación desta actualización elimínase a obriga de utilizala en interiores.
- Evitar lugares ategados.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao toser ou estornudar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.
- Realizar un auto test antes de ir cara a actividade deportiva, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19: Detectar síntomas coma febre, tose ou falta de alento.

• ALIMENTOS, BEBIDAS E SIMILARES:

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña) – 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758



- Non se deben compartir alimentos bebidas ou similares. Recoméndase marcar os envases utilizados para evitar confusións.

E. OUTRAS MEDIDAS RECOMENDADAS

• MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- A entidade responsable da actividade deberá garantir que os deportistas dispoñan do material de prevención, xa sexa porque o pon a disposición o titular da instalación, a entidade organizadora da actividade ou porque o traen os propios deportistas, staff, etc...

• MEDIDAS DE INFORMACIÓN

- A Entidade organizadora da actividade informará a todos os axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva.
- Facilitaralle ao Staff, deportistas e outros axentes alleos á práctica deportiva, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante **CARTELERÍA** en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico-sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.

• MEDIDAS DE FORMACIÓN. Deberase promover a FORMACIÓN, especialmente entre o staff para:

- Formación sobre as medidas hixiénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcohólico, a colocación correcta da máscara en caso de usala, etc. co obxectivo de implementar estas medidas do contexto da práctica deportiva e tamén para trasladarlas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixiénico-sanitarios.

4.- MODIFICACIÓNS DO PROTOCOLO DERIVADAS DO REAL DECRETO 286/2022, DO 19 DE ABRIL, POLO QUE SE MODIFICA A OBRIGATORIEDADE DO USO DAS MÁSCARAS DURANTE A SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19

Tanto no desenvolvemento da actividade física, como na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica **NON É OBRIGATORIO O USO DA MÁSCARA.**

Aínda que finalice a obriga de uso de máscara en interiores, a DIRECCIÓN XERAL DE SANIDADE PÚBLICA segue a recomendar a prudencia e o uso responsable en espazos pechados cando non se poida garantir que nas actividades se garde a debida distancia de seguridade interpersonal de 1,5 m e a ventilación adecuada.

Este uso responsable é tamén recomendado pola Ponencia de Alertas, Plans de Preparación e Resposta e incorporado na exposición de motivos da norma que publicada (Real Decreto 286/2022, de 19 de abril, por el que se modifica la obligatoriedad del uso de mascarillas durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por la COVID-19, dispoñible na ligazón <https://www.boe.es/buscar/pdf/2022/BOE-A-2022-6449-consolidado.pdf>).

Desde a Dirección Xeral de Saúde Pública faise na data de emisión deste documento unha recomendación apoiada por este comité de estratexias fronte á COVID do **uso responsable da máscara en espazos pechados**

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com


Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758



(tales como ximnasia o salas de adestramento) nos que pola súa natureza ou actividades que se leven a cabo, o risco de transmisión sen máscara pode ser alto. Nestes espazos, pódese concentrar moita poboación, con pouca distancia interpersoal, ás veces durante varias horas. Aínda que moitos destes espazos contan con sistemas de ventilación, esta ventilación non sempre está garantida. É por iso, que, neste ámbito, a probabilidade de transmisión en ausencia de máscara pode ser elevada e o impacto podería ser moderado tendo en conta a diversidade de persoas expostas, entre as que podería haber vulnerables.

5.- IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN

Atende a tres **momentos fundamentais**: antes, durante, e despois da práctica.



ANTES DO ADESTRAMENTO					
STAFF PROPIO					
MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Desprazamento instalación	Recomendación de uso da máscara.
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Interacción con outros empregados do club	Circuitos de acceso unidireccionais á zoa de práctica onde non pode permanecer. Recomendación do uso de máscara.
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Acceso á zoa de práctica	Hixienizar mans previo acceso á zoa correspondente.
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Uso de baños	Recomendación do uso de máscara. Manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m. Respetar as quendas de uso para evitar aglomeracións. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de baños	Recomendación do uso de máscara. Manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m. Respetar as quendas de uso para evitar aglomeracións. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcolico ao entrar e ao saír.
ANTES DO ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO				Recordar as medidas habituais e onde teñen que poñerse en práctica, mediante proxeccións en pantallas que habitualmente se teñen nos centros de adestramento. Formación previa persoal responsable.

DEPORTISTAS

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Saúdos en acceso e desaloxo.	Máscara recomendada.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Grupo de compañeiros que vaian xuntos á instalación.	Máscara recomendada.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Grupo de compañeiros que vaian xuntos á instalación.	Non compartir nada (botellas, comida,...) nos desprazamentos á instalación.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Entrada por zoa única de acceso á instalación.	Espaciar as horas das sesións. Recomendación do uso de máscara e distancia interpersoal.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Uso de baños	Recomendación do uso de máscara e distancia interpersoal. Respetar as quendas de uso para evitar aglomeracións. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcolico ao entrar e ao saír.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de baños	Recomendación do uso de máscara e distancia interpersoal. Respetar as quendas de uso para evitar aglomeracións. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcolico ao entrar e ao saír.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	ESPACIOS SECUENCIAIS	Uso de vestiarios.	No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. No caso de que se utilice, recoméndase organizar as quendas que sexan necesarias para evitar aglomeracións e facilitar a ventilación do espazo. Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas. Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario. Recoméndase permanecer con máscara no interior do mesmo.
ANTES DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Traxecto vestiarios-zoa de práctica.	Circuitos de acceso unidireccionais á zoa de práctica onde non pode permanecer e debe manterse a distancia de seguridade interpersoal si se deixou a roupa no vestiario.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

OUTROS ALLEOS

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
ANTES DO ADESTRAMENTO	OUTROS ALLEOS	VIA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Interacción dos pais/titores ao levar menores aos adestramentos.	Recepción e acceso individualizado dos menores na porta de acceso con toma de temperatura (recomendada), depósito da chaqueta que deberá levar sobre a roupa de adestramento e calzado nas zoas destinadas a tal fin. Outros alleos non poden acceder: modificar ratios dos grupos, espazar as horas suficientemente e ubicación nas beirarrúas segundo sinalización explícita para evitar aglomeracións. Máscara recomendada.
ANTES DO ADESTRAMENTO	OUTROS ALLEOS				Recordar as medidas habituais e onde teñen que poñerse en práctica, mediante proxeccións en pantallas que habitualmente se teñen nos centros de adestramento. Formación previa persoal responsable.
ANTES DO ADESTRAMENTO	OUTROS ALLEOS	VIA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Acompañantes de menores agardando no interior da instalación.	Eliminar as zoas de espera. Puntualidade na saída e entrega dos alumnos na porta exterior por parte do responsable. Máscara recomendada.

DURANTE O ADESTRAMENTO

STAFF PROPIO

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
DURANTE O ADESTRAMENTO	STAFF PROPIO	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Desprazamento para xerar explicacións	Asignación de espazos de circulación exclusivos para o docente ou adestrador desde onde exerza o control visual de todos os practicantes. Máscara recomendada.

DEPORTISTAS

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
DURANTE O ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Uso de baños	Máscara recomendada. Respetar as quendas de uso para evitar aglomeracións. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.
DURANTE O ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de baños	Máscara recomendada. Respetar as quendas de uso para evitar aglomeracións. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.
DURANTE O ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	USO COMPARTIDO DE BEBIDAS	As bebidas deixanse no interior da sala de práctica sin control.	Botellas con nome se deben situarse nunha zoa xeral habilitada ou dentro da zoa individual delimitada de práctica.

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758



DEPOIS DO ADESTRAMENTO

DEPORTISTAS

MOMENTO	AXENTE	TIPO		SITUACIÓN	MEDIDAS
DEPOIS DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VIA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Saída da instalación.	Non permanencia na instalación despois de finalizar a sesión. Habilitar horas diferentes exclusivas para a práctica de físico noutras salas.
DEPOIS DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	SUPERFICIE DE USO SIMULTÁNEO	Uso de baños	Máscara recomendada. Respetar as quendas de uso para evitar aglomeracións. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcolico ao entrar e ao saír.
DEPOIS DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	VÍA AEREA	PERSOA A PERSOA (DIRECTO)	Uso de baños	Máscara recomendada. Respetar as quendas de uso para evitar aglomeracións. Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcolico ao entrar e ao saír.
DEPOIS DO ADESTRAMENTO	DEPORTISTAS	POR CONTACTO	ESPAZOS SECUENCIAIS	Uso de vestiarios.	No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento deberán chegar debidamente cambiados/as da casa. No caso de que se utilice, recomendase organizar as quendas que sexan necesarias para evitar aglomeracións e facilitar a ventilación do espazo. Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberán levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas. Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario. Recomendase permanecer con máscara no interior do mesmo.



15 minutos



Limpieza do tatami e material didáctico



Ventilación da sala

FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO E D.A. – www.fgjudo.com datos@fgjudo.com

Entidade de utilidade pública conforme a lei 3/2012, do 2 de abril e inscrita no Rexistro de Clubs e Federacións da Xunta de Galicia nº 331
Praza Agustín Díaz nº 3 (Polideportivo Elviña)– 15008 A CORUÑA – TLF. 981.133758



6. COMUNICACIÓN CONXUNTA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E DA CONSELLERÍA DE SANIDADE, SOBRE A XESTIÓN DE CONTACTOS ESTREITOS COVID-19 NO ÁMBITO DEPORTIVO (10/03/22)

O pasado 1 de marzo de 2022, tras a valoración da situación epidemiolóxica actual por parte das diferentes comunidades autónomas, a *Comisión de Salud Pública del Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud* chegou a un acordo a partir do cal se elimina a recomendación de corentenar aos contactos estreitos a nivel comunitario. Neste acordo establécese a necesidade de dirixir as actuacións a protexer á poboación máis vulnerable, reducindo as medidas que se están a levar a cabo na poboación xeral. Considéranse **ámbitos vulnerables** a efectos deste documento: centros sanitarios asistenciais (hospitais e centros de diálise), centros sociosanitarios (residencias de maiores, centros de día e discapacidade) e outros centros con persoas institucionalizadas (centros penitenciarios). Tendo en conta que os centros/lugares onde se realiza actividade deportiva non se enmarcan como ámbitos vulnerables, as actuacións a seguir neles serán as mesmas que a poboación xeral en canto á identificación e manexo de contactos estreitos: **NON se realizará identificación dos contactos estreitos na poboación xeral e serán os propios casos os que deben informar aos seus contactos estreitos do diagnóstico de COVID para que extremen as medidas de prevención.** A definición de contacto estreito e o prazo para identificar contactos estreitos mantense, polo que comeza 2 días antes da data de inicio de síntomas (ou da toma de mostra nos casos asintomáticos) e remata no momento que comeza o illamento do caso positivo.

Por todo o anterior:

- NON se identificarán como tal os contactos estreitos do ámbito deportivo.
- Deixa de ter vixencia o protocolo “Comunicación e Xestión de casos da COVID-19 no sector deportivo federado de ámbito autonómico e estatal en Galicia”, homologándose as actuacións neste ámbito á comunidade (Estratexia xeral de vixilancia e control de COVID-19).
- As actuacións a realizar polos casos e contactos estreitos do ámbito deportivo serán as mesmas que na poboación xeral:
 - **Estratexia xeral de vixilancia e control de COVID-19 en Galicia (que facer se eres un caso ou contacto da COVID-19)** <https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Que-facer-contacto-covid>
 - **Recomendacións preventivas para contactos estreitos da COVID-19 a partir do 7/3/22:** <https://www.sergas.gal/Saude-publica/Recomendacions-preventivas-contactos-estreitos>

7. COORDINADOR FISICOVID-DXT GALEGO DOS CLUBS

Cada club/entidade deportiva designará un coordinador para a implementación, cumprimento e seguimento do protocolo federativo, que será o único interlocutor en canto a este protocolo se refire coa Federación Galega, informándoa sobre as incidencias que se produzan no seu desenvolvemento.

Co obxecto de manter unha comunicación fluida entre a Federación Galega, a Secretaría Xeral para o Deporte e as entidades deportivas que conforman a federación, é necesario que cada unha destas últimas conte cun/cunha COORDINADOR/A FISICOVID-DXTGALEGO e llo comunique á federación. Preténdese definir interlocutores entre os estamentos federativos e a administración deportiva e sanitaria, para poder ter unha comunicación fluida entre todos os interlocutores na loita contra a COVID19 e tamén para colaborar no desenvolvemento de actividades deportivas seguras.

As funcións dese coordinador serían: implementación na súa entidade do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Federación Galega e ser o interlocutor con esta para a comunicación das incidencias que poidan xurdir no entorno da entidade respecto a este protocolo.



Vº Bº

O COORDINADOR

DO PROTOCOLO FEDERATIVO



Mario M. Muzas Cobo

Presidente FGJUDODA

JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ GENDE

Asesor executivo FGJUDODA